

A muller na Idade Moderna

Inclúe a Pregunta para desenvolver nº10:
A muller na Idade Moderna

2º Bach. - IES Mendiño - 2023/2024
Prof. Xosé Díaz Alonso



A mulher e o seu papel da Idade Moderna

A muller e o seu papel da Idade Moderna

- A muller tiña un **papel fundamental** na sociedade moderna, pero as estruturas sociais e de mentalidade relegábana a un **rol secundario**.
- Os **estudos de xénero** históricos contan con **dificultades** á hora de abordalos, e tradicionalmente optábase por outras temáticas.



A muller e o seu papel da Idade Moderna

- No Antigo Réxime os **dereitos** das mulleres estaban **moi limitados**.
- Eran **consideradas inferiores**, e sempre estaban baixo a **tutela dun varón**, primeiro dos seus pais e despois dos seus maridos.



A muller e o seu papel da Idade Moderna

- O rol social básico da muller era o **ámbito doméstico**, centrándose no coidado dos fillos e o mantemento do fogar, facendo labores de coidadoras.
- O seu papel na familia, por tanto, era o de **esposa, nai e transmisora da herdanza**.
- Pola **moral** predominante, era importante a súa **reputación**, con ríxidas normas morais.



A muller e o seu papel da Idade Moderna

- A situación das mulleres variaba **dependendo do estamento e grupo social** ao que pertencían.
- As dos ***grupos non privilexiados*** tiñan como principal obxectivo o matrimonio, e apenas tiñan capacidade de decisión nas familias.



A mulher e o seu papel da Idade Moderna



A muller e o seu papel da Idade Moderna

- No *rural* tiñan que **colaborar no traballo familiar**, destacando as labores na **agricultura ou a artesanía** (principalmente téxtil) ou como servizo doméstico de familias nobres ou adiñeiradas.
- Nas familias da **burguesía urbana** podían permitir ás mulleres, excepcionalmente, recibir unha educación básica.



A muller e o seu papel da Idade Moderna

- No caso das **familias nobres** as taxas de alfabetización eran algo máis altas, pero a educación dábase no ámbito do fogar, coidando a formación relixiosa. Poucas veces podían xestionar o patrimonio familiar.
- Adoitaban ser **empregadas como moeda de cambio** nas alianzas ou con fines económicos cos matrimonios.



A muller e o seu papel da Idade Moderna

- Outra opción para as mulleres era **ingresar no clero como monxas nalgún convento**, cando pasaban a vivir baixo as normas dunha orde relixiosa.
- Algunhas podían escalar na xerarquía chegando a abadesas, aínda que a estrutura eclesiástica estaba dominada polos homes.



A muller e o seu papel da Idade Moderna

- A Ilustración comezará a reclamar unha tímida posta en valor da muller, pero terá pouco impacto na sociedade española.
- Na Idade Moderna española apareceron algunhas mulleres relevantes, como Beatriz Galindo “La Latina”, Santa Teresa de Jesús, Sofonisba Anguissola ou a princesa de Éboli.



Ánimo co estudo!